



A Xunta de Goberno desta Excma. Deputación Provincial na súa sesión ordinaria do día 18 de marzo de 2009, adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

FÓRA DA ORDE DO DÍA, e previa declaración de urxencia adoptáronse os seguintes acordos:

23.16732. ADXUDICACIÓN DA CONCESIÓN DEMANIAL DA RESIDENCIA DO COMPLEXO DE SOUTOMAIOR PARA DEDICALO A ESTABELECIMENTO DE HOSTALERÍA

A Xunta de Goberno, en sesión celebrada o día 23 de decembro de 2008, prestou aprobación ó expediente, para a adxudicación mediante procedemento aberto, da concesión da residencia do complexo do Pazo de Soutomaior, para dedicalo a establecemento de hostalaría.

Posteriormente, anunciouse a convocatoria pública do procedemento no Boletín Oficial da Provincia, número 250, do 29 de decembro de 2008.

Resultando que, con data 3 de febreiro de 2009, reuniese a mesa para proceder ó exame da documentación xeral e propostas económicas das empresas admitidas:

Visto o informe do administrador do complexo do Pazo de Soutomaior valorando as distintas ofertas, e de acordo cos criterios que figuran no prego de condicións económico-administrativas que rexeu o procedemento aberto e vista a proposta de adxudicación formulada pola mesa de valoración das propostas, a Xunta de goberno acorda por unanimidade:

Adxudicar a concesión demanial da residencia do complexo do Pazo de Soutomaior, para dedicalo a establecemento de hostalaría, á empresa Ramysan Restauración, S.L (CIF B-27.721.968) por un período inicial de quince anos, e un canon anual de cento dezaoito mil trescentos vinte euros (118.320,00 €/ano).

O concesionario obtivo a maior puntuación segundo os criterios establecidos no prego de condicións e cumplir con todos os requisitos esixidos no procedemento.

De conformidade co establecido na base oitava do prego de condicións, o concesionario deberá constituir unha garantía definitiva por un importe de corenta e catro mil cincocentos dezaoito euros con oitenta e catro céntimos (44.518,84 €).



Así mesmo, ingresará na Tesouraría de Deputación, de acordo coa base do prego de condicións económico-administrativas que rexeu o procedemento, a cantidade de 106,08€, en concepto de gastos de anuncio no BOP.

O que lle comunico a Vde. para o seu coñecemento e efectos, coa salvidade que establece o art. 206 do ROF.

Pontevedra, 24 de marzo de 2009

O Secretario,



Contra este acordo que ~~Deputación de~~ administrativa poderá interpoñer recurso potestativo de reposición perante o mesmo órgano que o dictó, no prazo de un mes a partir do día seguinte ó desta notificación (artigos 107 e 117 da Lei 30/1992, de 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, modificada por Lei 4/1999, de 13 de xaneiro), ou ben, directamente recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Pontevedra segundo o dispuesto no artigo 8 da Lei 29/1998, de 13 de xullo Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa, e todo iso no prazo establecido no artigo 46 da citada Lei.

Todo iso sen prexuízo de que poida utilizar calquera outro recurso que estime conveniente.